



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Eva Solla Fernández Fernández**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á implicación da Xunta no subsidio ás touradas.

É habitual que os gobernos subsidiem a realización e promoción de espectáculos que supoñen un claro e evidente maltrato cara os animais, como o caso das touradas. A participación da Xunta non é clara ao respecto por amosar unha estrana desidia coa polémica tourada que tivo lugar en Triacastela e onde segundo os propios colectivos e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística non contaría coa preceptiva licenza urbanística para situar unha praza de touros portátil na vila.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Subsidiou a Xunta de Galiza algún festexo ou evento taurino?
- Qué opinión lle merece o uso de fondos públicos para financiar o maltrato animal?
- Ten constancia da situación urbanística da praza portátil que se instalou en Triacastela?

En Compostela, a 21 de setembro do 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 21/09/2015 12:41:13